

## **NORMATIVA POLA QUE SE REGULA O PROCEDEMENTO PARA A SELECCIÓN DE PROFESORADO CONTRATADO DOUTOR PARA A UDC**

**(APROBADA POLO CONSELLO DE GOBERNO DO XX DE ABRIL DE 2014)**

### **1. NORMAS XERAIS**

Os concursos para a provisión de prazas de profesor contratado doutor rexeranse polas bases da correspondente convocatoria e polo disposto na normativa seguinte:

- Capítulo I do Título IX da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades (BOE do 24 de decembro), coas modificacións introducidas pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril (BOE do 13 de abril)
- Decreto autonómico 266/2002, do 6 de setembro, de contratación do profesorado universitario (DOG do 17 de setembro de 2002)
- Estatutos da Universidade da Coruña, aprobados por Decreto da Xunta de Galicia do 13 de maio de 2004 (DOG do 26 de maio de 2004) e modificados por Decreto 194/2007, do 11 de outubro (DOG do 17 de outubro)
- II Convenio colectivo para o persoal docente e investigador laboral das universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo (DOG 14 de abril de 2011). Prorrogado por Resolución do 12 de xullo de 2013, da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social (DOG 29 de xullo de 2013)
- Os acordos do Consello de Goberno aplicables á convocatoria
- A restante normativa de aplicación xeral

### **2. CONVOCATORIA E PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

2.1. A convocatoria do concurso definirá a praza polo nome da súa área de coñecemento, indicando o departamento a que corresponde, e as actividades docentes que realizará quen obtiver a praza, referidas, se é o caso, a unha ou varias materias das que se cursen para a obtención de títulos oficiais. Esta docencia non será vinculante para o encargo docente posterior.

2.2. As solicitudes para tomar parte no concurso presentaranse no Rexistro Xeral da Universidade ou nos rexistros auxiliares de Elviña ou de Ferrol, ou por calquera dos procedementos establecidos no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE do 27 de novembro), e utilizarase o modelo oficial que se facilitará na Reitoría, na Vicerreitoría do Campus de Ferrol e na páxina web da Universidade. O modelo de currículo estará dispoñible na páxina web da Universidade.

2.3. Presentarase a solicitude co resto da documentación acreditativa dos requisitos esixidos.

2.4. O prazo de presentación das solicitudes non poderá ser inferior a dez días hábiles.

### **3. REQUISITOS**

3.1. Para concursar ás prazas que se convoquen as persoas aspirantes deberán cumprir os seguintes requisitos no derradeiro día do prazo de presentación de solicitudes

- a) Ter cumprido os dezaoto anos e non ter cumprido a idade de xubilación.
- b) Estar en posesión do título de doutor/a. Caso de ter realizado os seus estudos fóra do Estado español, a titulación académica deberá estar homologada polo ministerio con competencias en educación. No caso de candidatos con títulos da Unión Europea, presentarán, quer a homologación, quer a credencial de recoñecemento dirixido ao exercicio da profesión de profesor de universidade.
- c) Non padecer doenza ou discapacidade física ou psíquica que lle impedir o desempeño das funcións
- d) Non ter sido separado/a do servizo, nin inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas. Así mesmo, o desempeño das prazas convocadas ficará sometido á Lei 53/1984, do 26 de decembro, e ás normas de desenvolvemento, en materia de incompatibilidades

- e) As persoas aspirantes de nacionalidade estranxeira non poderán estar sometidas a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu estado, o acceso á Función Pública
- f) Avaliación previa positiva para a categoría de profesor/a contratado/a doutor/a da súa actividade por parte da Agencia Nacional de Evaluación de la Calidad y Acreditación (ANECA), da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) ou, de ser o caso, outro órgano de avaliación que leis doutras comunidades autónomas determinaren, sempre que exista convenio ou concerto previo coa Comunidade Autónoma de Galicia.

Os requisitos c), d) i e) deberán ser acreditados no acto de sinatura do contrato.

#### **4. DOCUMENTACIÓN**

4.1. As persoas aspirantes, para seren admitidas no proceso de selección, acompañarán a súa solicitude cos seguintes documentos:

- a. Copia do DNI ou documento equivalente
- b. Copia compulsada ou legalizada do título académico esixido ou certificación que acredite o pagamento dos dereitos para a súa expedición. Caso de realizar os seus estudos fóra do Estado español, a titulación académica deberá estar homologada polo ministerio con competencias en educación. No caso de candidatos con títulos da Unión Europea, presentarán, quer a homologación, quer a credencial de recoñecemento dirixida ao exercicio da profesión de profesor de universidade
- c. Xustificante do pagamento das taxas.
- d. Documento acreditativo da avaliación previa positiva para a categoría de profesor/a contratado/a doutor/a da súa actividade por parte da Agencia Nacional de Evaluación de la Calidad y Acreditación (ANECA), da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) ou, de ser o caso, outro órgano de avaliación que leis doutras comunidades autónomas determinaren, sempre que exista convenio ou concerto previo coa Comunidade Autónoma de Galicia.

#### **5. RELACIÓN DE PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS E EXCLUÍDAS**

5.1. Rematado o prazo de presentación de solicitudes, no prazo máximo de dez días hábiles, publicarase a relación de persoas aspirantes admitidas e excluídas no taboleiro de anuncios da Reitoría da Universidade, Vicerreitoría do Campus de Ferrol e na páxina web da Universidade, con mención expresa do nome e apelidos e, se for o caso, das causas de exclusión.

5.2. As persoas aspirantes excluídas disporán dun prazo de dez días hábiles, que conta a partir do seguinte ao da publicación da referida relación, para corrixiren o defecto que motivase a exclusión. Transcorrido este prazo, o reitor ditará resolución que declare aprobada a lista definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas, que se publicará nos lugares indicados.

5.3. De acordo co previsto no artigo 59.6.b da Lei 30/1992, do 26 de novembro, estas publicacións substituirán a notificación persoal ás persoas interesadas e producirán os mesmos efectos que a notificación persoal.

#### **6. COMISIÓNS DE SELECCIÓN**

6.1. De acordo co previsto no art. 13.2. do Decreto 266/2002, do 6 de setembro, de contratación do profesorado universitario, as comisións de selección estarán formadas por cinco profesores con titulación, categoría e dedicación igual ou superior á sinalada para ocupar a praza convocada.

6.2. Ademais, formará parte da comisión de selección un membro proposto pola representación dos traballadores sempre e cando sexa designado no prazo de dez días hábiles desde a notificación por parte da universidade, rematado este prazo se a designación non tivese lugar, decaerá neste dereito. Este membro actuará con voz e sen voto.

6.3. Segundo o art. 83 dos Estatutos da UDC, as comisións de selección do persoal docente e investigador contratado estarán presididas polo/a decano/a ou director/a do centro e formarán parte destas o/a director/a do departamento a que se adscriba a praza, que actuará como secretario/a, e tres membros da área de coñecemento da praza obxecto do concurso, nomeados

polo Consello de Goberno a partir dunha proposta de cinco membros, realizada polo Consello de Departamento, sendo funcionario, polo menos, un deles.

De non existir número suficiente de profesores na área que reúna os requisitos sinalados no apartado 6.1, designaranse profesores das áreas afíns que establece o anexo I desta normativa. No caso de persistir a insuficiencia, serán designados por sorteo profesores e profesoras das áreas con docencia no centro por teren materias obrigatorias ou de formación básica nos plans de estudo.

Da mesma maneira, deberán nomearse os membros suplentes das comisións, en previsión dos supostos a que se refire o artigo seguinte.

6.4. O nomeamento como membro dunha comisión é irrenunciable, agás cando concorra causa xustificada que impedir a súa actuación como membro dela. Neste caso, a apreciación da causa alegada corresponde ao reitor, que deberá resolver, nun prazo de tres días hábiles, que conta desde a recepción da renuncia e procederase á substitución pola persoa suplente.

De calquera xeito, os membros das comisións en que se dea algunha das causas sinaladas no art. 28 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común do 26 de novembro de 1992 (BOE do 27 de novembro) deberán absterse de intervir e comunicaranllo ao reitor para a designación do/a suplente no prazo de tres días hábiles sinalado no parágrafo anterior.

6.5. Nos casos de ausencia ou causa xustificada que impidiren a actuación do/a presidente/a da comisión, este/a será substituído/a polo/a vicedecano/a, subdirector/a ou profesor/a do centro de maior categoría e antigüidade. O/a secretario/a será substituído/a polo/a profesor/a do departamento de maior categoría e antigüidade<sup>1</sup>. O resto dos membros serán substituídos polos seus respectivos suplentes. Esta circunstancia deberá ser comunicada polo/a presidente/a da comisión ao reitor co fin de nomear o/a suplente no prazo de tres días hábiles.

6.6. A composición das comisións de selección publicarase na resolución que aprobe as relacións definitivas de persoas aspirantes admitidas e excluídas ao concurso.

Os membros das comisións de selección percibirán as indemnizacións establecidas no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre Indemnizacións por razón do servizo ao persoal con destino na Administración Autonómica de Galicia.

6.7. Nas comisións de selección procurarase unha composición equilibrada entre mulleres e homes, agás que non sexa posible por razóns fundadas e obxectivas debidamente motivadas.

6.8. A selección efectuarase con respecto aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade. Considerarase mérito preferente, seguindo o disposto no art. 48 da Lei orgánica 4/2007, estar acreditado/a para participar nos concursos de acceso aos corpos docentes universitarios segundo o disposto na presente norma.

## **7. ACTUACIÓN DAS COMISIÓNS**

7.1. Unha vez publicada a relación definitiva de persoas aspirantes e a composición da comisión, o/a presidente/a desta procederá, no prazo de dez días hábiles, a convocala e constituíla.

Se por causa xustificada a comisión non se puidese reunir no referido prazo de dez días hábiles, que conta desde a publicación da relación definitiva, o/a presidente/a deberá sinalar a data concreta da reunión dentro dos sete días hábiles seguintes, que publicará no taboleiro de anuncios do centro cunha antelación mínima de dous días hábiles.

7.2. Transcorridos os prazos antes indicados sen que se constituía a comisión, o reitor procederá a nomear un/unha novo/a presidente/a.

7.3. A comisión actuará sempre no centro a que pertenza o/a presidente/a.

<sup>1</sup> A orde de categorías en relación coa substitución do/a presidente/a e secretario/a das comisións de selección será:

1. Catedrático/a de universidade
2. Titular de universidade e catedrático/a de escola universitaria
3. Profesor/a contratado doutor

A antigüidade entenderase sempre referida ao tempo de permanencia na UDC na categoría de que se trate



7.4. A comisión quedará validamente constituída coa presenza de cando menos catro dos seus membros con dereito a voto, entre os que debe estar o/a presidente/a e o/a secretario/a.

7.5. Os acordos da comisión, que serán sempre motivados, adoptaranse por maioría. No caso de empate decidirá o voto de calidade do/a presidente/a.

7.6. No mesmo acto de constitución, a comisión establecerá os criterios de avaliación que, en calquera caso, terán en conta os principios de mérito e capacidade das persoas aspirantes.

Os criterios publicaranse no taboleiro do centro e na web da Universidade. Unha vez publicados, os membros da comisión poderán acceder á documentación presentada.

## **8. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DE CONTRATADOS DOUTORES**

8.1. O presidente da comisión convocará aos concursantes ao acto de presentación nun prazo mínimo de 15 días e máximo de dous meses, que computa desde a publicación da resolución reitoral pola que se aprobe a lista definitiva de admitidos e excluídos e a composición do tribunal.

8.2. No acto de presentación, que será público, os concursantes entregarán ao presidente a seguinte documentación:

- a. Historial académico, docente e investigador e, de ser o caso, asistencial-sanitario, por quintuplicado, así como un exemplar das publicacións e documentos acreditativos do consignado nel.
- b. Proxecto docente e investigador, por quintuplicado, que o candidato se propón desenvolver de lle ser adxudicada a praza a que concursa; o proxecto axustarase, se se fixasen na convocatoria, ás especificacións establecidas.

8.3. No acto de presentación, os concursantes recibirán cantas instrucións sobre a realización das probas deban comunicárselles; así mesmo, determinarase, mediante sorteo, a orde de actuación dos concursantes e fixarase o lugar, a data e a hora do comezo das probas.

8.4. As probas serán públicas e cada unha delas será eliminatoria

8.5. A primeira proba consistirá na exposición oral dos méritos e do historial académico, docente e investigador e, de ser o caso, asistencial-sanitario, alegados polo concursante. Así mesmo, o concursante deberá presentar e defender o proxecto docente e investigador que desenvolverá no caso de lle ser outorgada a praza.

8.6. A exposición de cada candidato non poderá superar os 90 minutos.

8.7. Seguidamente, a comisión debaterá co candidato sobre os seus méritos, historial académico e investigador e sobre o proxecto docente e investigador presentado, durante un tempo máximo de dúas horas.

8.8. Finalizada a proba, cada membro da comisión entregará ao presidente un informe razoado de valoración dos méritos e do historial académico, docente e investigador e de, ser o caso asistencial-sanitario, así como o proxecto docente e investigador alegado e defendido por cada candidato.

8.9. Á vista dos informes, a comisión procederá a unha votación, non sendo posible a abstención, para determinar o paso dos candidatos ás probas sucesivas. Non pasarán á seguinte proba os candidatos que non obtivesen, polo menos, tres votos favorables.

8.10. A segunda proba consistirá na exposición oral dun tema do programa presentado pola persoa candidata e elixido por esta de entre tres sacados a sorteo, durante un tempo máximo dunha hora. Seguidamente, a comisión debaterá co/a candidato/a sobre os contidos expostos, a metodoloxía que utilizará e todos aqueles aspectos que estime relevantes en relación co tema, durante un tempo máximo de dúas horas.

8.11. Os candidatos disporán dun tempo máximo dunha hora para preparar a exposición do tema.

8.12. Finalizada a proba, cada membro da comisión entregará ao presidente un informe razoado valorando os contidos e as metodoloxías expostas por cada uno dos candidatos.

8.13. Á vista dos informes, a comisión procederá a unha votación, sen que sexa posible a abstención, para determinar o paso á terceira proba. Non pasarán á seguinte proba os candidatos que non obtivesen, polo menos, tres votos favorables.

8.14. A terceira proba consistirá na exposición oral polo/a candidato/a, durante un tempo máximo de noventa minutos, dun traballo orixinal de investigación realizado polo/a candidato/a. Seguidamente, a comisión debaterá co candidato todos aqueles aspectos que estimase relevantes en relación co traballo orixinal de investigación, durante un tempo máximo de dúas horas.

8.15. O candidato entregará ao presidente da comisión un resumo ou guión escrito, por quintuplicado, do traballo de investigación, ao facerse público o resultado favorable da segunda proba.

8.16. Finalizada a proba, cada membro da comisión entregará ao presidente un informe razoado valorando os contidos e a metodoloxía expostos por cada unha das persoas candidatas.

8.17. Á vista dos informes, a comisión procederá á votación, sen que sexa posible a abstención.

## **9. PROPOSTA DE NOMEAMENTO OU DE CONTRATACIÓN**

9.1. Finalizadas as probas a comisión elaborará unha proposta de provisión que deberá ser aprobada por, cando menos, tres votos a favor. Os membros da comisión que voten en contra da proposta maioritaria terán que facer constar a motivación do seu voto.

9.2. A proposta incluírá unha relación de todos os candidatos que sexan considerados aptos para ocupar a praza por orden de preferencia para o nomeamento polo reitor.

9.3. Se a comisión considerar que ningunha das persoas aspirantes admitidas reúne os méritos suficientes para desempeñar a praza obxecto de concurso, poderá propoñer a non provisión da praza, xustificando detalladamente, á vista do baremo establecido, as causas que motivan tal proposta.

9.4. A proposta de resolución publicarase no taboleiro de anuncios do centro e na web da Universidade xunto coa acta das cualificacións e concederáselles a cada unha das persoas concursantes un prazo de cinco días hábiles, que conta a partir da publicación, para poderen presentar reclamacións razoadas contra esta proposta.

9.5. As reclamacións deberán ser dirixidas ao/á presidente/a da comisión e entregadas no rexistro do centro en que aquela actúe, no Rexistro Xeral da UDC ou por calquera dos procedementos establecidos no artigo 38 da Lei 30/1992. No caso de presentarse a reclamación nun rexistro público alleo a esta universidade, o/a interesado/a deberá comunicalo á UDC por correo electrónico ou por Fax dirixido ao Servizo de Persoal Docente e Investigador. Os enderezos figuran na páxina web da Universidade.

9.6. Transcorrido o prazo, e no suposto de que non se presentase reclamación ningunha contra a proposta, o/a presidente/a da comisión remitirá todas as actuacións practicadas á Reitoría, para os efectos da resolución definitiva do concurso e expedición do nomeamento ou formalización do correspondente contrato.

9.7. No suposto de que se presentase reclamación, ou se propoña a non provisión da praza, a comisión encargada de vulgar a praza trasladará o expediente administrativo do concurso á Comisión de Reclamacións, xunto co informe razoado da comisión de selección sobre as reclamacións presentadas e suspenderase o nomeamento ou a contratación até que recaia resolución reitoral.

## **10. ACTUACIÓN DA COMISIÓN DE RECLAMACIÓNS DE PRAZAS DE PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR CONTRATADO.**

10.1. A Comisión de Reclamacións deberá formular a súa proposta razoada no prazo máximo de dez días hábiles desde a recepción das actuacións ou expediente administrativo do concurso.

10.2. A Comisión de Reclamacións queda validamente constituída coa metade máis un dos seus membros. Adoptará os seus acordos por maioría e remitirá seguidamente o expediente ao reitor.

### 10.3. Competencias da Comisión de Reclamacións

10.4. A Comisión de Reclamacións garantirá a igualdade de oportunidades das persoas aspirantes en relación co procedemento seguido e o respecto aos principios de mérito e capacidade daquelas, sen que en ningún caso a súa actuación poida substituír as valoracións de fondo realizadas polas comisións de selección sobre a idoneidade dos/as aspirantes.

10.5. A Comisión de Reclamacións, para instruír o procedemento de reclamación, terá as seguintes competencias:

- a. Á vista das reclamacións poderá remitilas xunto co expediente á comisión de selección co obxecto de que emende os defectos de tramitación observados, responda todas e cada unha das alegacións presentadas e, de ser o caso, formule unha nova proposta motivada. Este acto de instrución poderá ser realizado polo/a presidente/a da Comisión de Reclamacións.
- b. Ordenar a retroacción do procedemento ao momento en que se apreciase algunha infracción do procedemento.
- c. Solicitar os asesoramentos que estime oportunos.

## 11. RESOLUCIÓN DO CONCURSO

11.1. Recibido o expediente administrativo do concurso, o reitor ditará resolución e atribuírle a praza á persoa seleccionada pola Comisión encargada de xulgarla ou, no caso de ser presentada reclamación, pola Comisión de Reclamacións, nos termos previstos no artigo 54 da Lei 30/1992.

11.2. A resolución publicarase nos taboleiros de anuncios da Reitoría e na Vicerreitoría do Campus de Ferrol, así como na páxina web da Universidade. Esta publicación substituirá a notificación persoal aos/ás interesados/as e producirá os mesmos efectos, segundo o previsto no art. 59.6.b da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

11.3. Contra esa resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, que conta desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co art. 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Previamente, e con carácter potestativo, poderase interpoñer recurso de reposición ante o/a reitor/a, no prazo dun mes, de acordo co establecido no art. 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE do 27 de novembro).

## 12. CONTRATACIÓN E INCORPORACIÓN

12.1. A persoa candidata á que se lle adxudicou a praza deberá presentarse nun prazo de dez días hábiles no Servizo de Persoal Docente e Investigador para formalizar o nomeamento ou contrato. Se houber lugar á presentación dunha solicitude de autorización de compatibilidade, o prazo para o nomeamento ou contratación quedará automaticamente prorrogado até a súa resolución, logo de acreditar dentro de prazo a presentación da solicitude de compatibilidade.

12.2. A persoa candidata incorporarase na data de inicio que indique o seu contrato perante o/a director/a de departamento que o/a presentará ao/á decano/a ou director/a do centro. O/a director/a do departamento dará conta da incorporación á persoa titular da vicerreitoría con competencias en materia de profesorado.

12.3. No suposto de que o/a adxudicatario/a renunciase á praza, non chegase a presentarse para formalizar o contrato ou non acreditase a presentación da solicitude de autorización de compatibilidade no prazo sinalado, ou finalmente se lle denegase a dita autorización, o reitor procederá a asignar a praza ao/á seguinte concursante, segundo a orde de puntuación que figure na proposta, se existir, ou deixará deserta a praza, ordenando, de ser o caso, a apertura de novo concurso.

12.4. A persoa contratada deberá acreditar no prazo de dous anos o coñecemento da lingua propia da Universidade da Coruña. A Universidade adoptará as medidas necesarias para que os profesores contratados adquiren o coñecemento da lingua galega.

**DISPOSICIÓN DERROGATORIA**

Queda derogada a Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador interino e laboral contratado, aprobada polo Consello de Goberno do 28 de maio de 2004 e modificada nas sesións do 9 de marzo e do 28 de xuño de 2007.

**DISPOSICIÓN DERRADEIRA**

Esta normativa entrará en vigor ao día seguinte da súa aprobación no Consello de Goberno da Universidade da Coruña.

**ANEXO I**
**CATÁLOGO DE ÁREAS AFÍNS PARA OS EFECTOS DA COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS DE SELECCIÓN**

	<b>Área principal</b>	<b>Afinidade 1.º</b>	<b>Afinidade 2.º</b>	<b>Afinidade 3.º</b>
25	Anatomía e Anatomía Patolóxica Comparadas	Sanidade Animal		
28	Antropoloxía Física	Zooloxía		
33	Arqueoloxía	Prehistoria		
38	Astronomía e Astrofísica	Física da Terra		
40	Biblioteconomía e Documentación	Ciencias e Técnicas Historiográficas		
83	Ciencias e Técnicas da Navegación	Construcións Navais	Máquinas e Motores Térmicos	Enxeñaría Mecánica
85	Ciencias e Técnicas Historiográficas	Historia Antiga		
95	Comercialización e Investigación de Mercados	Organización de Empresas		
100	Composición Arquitectónica	Expresión Gráfica Arquitectónica		
105	Comunicación Audiovisual e Publicidade	Xornalismo		
110	Construcións Arquitectónicas	Enxeñaría da Construción		
115	Construcións Navais	Máquinas e Motores Térmicos	Ciencias e Técnicas da Navegación	Enxeñaría Mecánica
183	Dermatoloxía	Medicina		
185	Debuxo	Pintura	Escultura	
187	Didáctica da Expresión Corporal	Educación Física e Deportiva	Didáctica e Organización Escolar	
189	Didáctica da Expresión Musical	Música	Didáctica da Expresión Plástica	Didáctica e Organización Escolar
193	Didáctica da Expresión Plástica	Debuxo	Expresión Gráfica Arquitectónica	Composición Arquitectónica
195	Didáctica da Lingua e a Literatura	Lingua Española		
200	Didáctica da Matemática	Matemática Aplicada		
205	Didáctica das Ciencias Experimentais	Didáctica e Organización Escolar		
210	Didáctica das Ciencias Sociais	Didáctica e Organización Escolar		
245	Educación Física e Deportiva	Didáctica da Expresión Corporal	Fisioterapia	
247	Electromagnetismo	Física Aplicada		
255	Enfermaría	Medicina		
260	Escultura	Debuxo	Pintura	Historia da Arte
270	Estética e Teoría das Artes	Filosofía	Historia da Arte	



<b>Área principal</b>	<b>Afinidade 1.º</b>	<b>Afinidade 2.º</b>	<b>Afinidade 3.º</b>
275 Estomatoloxía	Cirurgía		
285 Estudos Árabes e Islámicos	Estudos Hebreos e Arameos		
290 Estudos Hebreos e Arameos	Estudos Árabes e Islámicos		
295 Explotación de Minas	Prospección e Investigación	Enxeñaría do Terreo	
300 Expresión Gráfica Arquitectónica	Composición Arquitectónica		
305 Expresión Gráfica na Enxeñaría	Proxectos e Enxeñaría	Expresión Gráfica Arquitectónica	Enxeñaría Cartográfica
320 Filoloxía Alemá	Filoloxía Inglesa		
327 Filoloxía Eslava	Lingüística Xeral	Lingüística Indoeuropea	
350 Filoloxía Italiana	Filoloxía Románica		
365 Filoloxía Vasca	Lingüística Xeral	Lingua Española	
370 Filoloxía Galega e Portuguesa	Filoloxía Románica		
383 Filosofía Moral	Filosofía		
398 Física da Terra	Astronomía e Astrofísica		
413 Fisioterapia	Radioloxía e Medicina Física	Medicina	
427 Xeodinámica Externa	Xeodinámica Interna		
428 Xeodinámica Interna	Xeodinámica Externa		
430 Xeografía Física	Análises Xeográficas e Rexional		
443 Histoloxía	Bioloxía Celular		
460 Historia da Ciencia	Lóxica e Filosofía da Ciencia		
475 Historia do Pensamento e dos Movementos Sociais e Políticos	Ciencia Política e da Administración		
495 Enxeñaría Aeroespacial	Enxeñaría Mecánica		
500 Enxeñaría Agroforestal	Producción Vexetal		
505 Enxeñaría Cartográfica, Xeodésica e Fotogrametría	Expresión Gráfica na Enxeñaría	Enxeñaría do Terreo	Enxeñaría Agroforestal
510 Enxeñaría da Construción	Mecánica de Medios Continuos e Teoría de Estructuras		
515 Enxeñaría dos Procesos de Fabricación	Enxeñaría Mecánica		
525 Enxeñaría do Terreo	Enxeñaría Hidráulica		
530 Enxeñaría e Infraestrutura dos Transportes	Enxeñaría da Construción	Enxeñaría do Terreo	
535 Enxeñaría Eléctrica	Tecnoloxía Electrónica		
540 Enxeñaría Hidráulica	Enxeñaría do Terreo		

<b>Área principal</b>	<b>Afinidade 1.º</b>	<b>Afinidade 2.º</b>	<b>Afinidade 3.º</b>
550 Enxeñaría Nuclear	Máquinas e Motores Térmicos		
560 Enxeñaría Telemática	Arquitectura e Tecnoloxía de Computadores		
565 Enxeñaría Téxtil e Papeleira	Enxeñaría Química		
566 Inmunoloxía	Anatomía Patolóxica		
568 Lingua e Cultura do Extremo Oriente	Lingüística Xeral		
580 Lingüística Indoeuropea	Lingüística Xeral		
590 Máquinas e Motores Térmicos	Enxeñaría Mecánica		
600 Mecánica de Fluídos	Enxeñaría Hidráulica		
613 Medicina Legal e Forense	Toxicoloxía		
615 Medicina Preventiva e Saúde Pública	Medicina		
617 Medicina e Cirurxía Animal	Sanidade Animal		
625 Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación	Psicoloxía Evolutiva e da Educación		
635 Música	Historia da Arte		
645 Obstetricia e Xinecoloxía	Cirurxía		
646 Oftalmoloxía	Cirurxía		
653 Otorrinolaringoloxía	Cirurxía		
660 Parasitoloxía	Microbioloxía		
685 Petroloxía e Petroquímica	Cristalografía e Mineraloxía		
690 Pintura	Debuxo	Escultura	
710 Prospección e Investigación Mineira	Explotación de Minas	Enxeñaría do Terreo	Petroloxía e Xeoquímica
715 Proxectos Arquitectónicos	Composición Arquitectónica		
720 Proxectos de Enxeñaría	Enxeñaría da Construción	Expresión Gráfica na Enxeñaría	
725 Psicobioloxía	Psicoloxía Básica		
745 Psiquiatría	Medicina		
770 Radioloxía e Medicina Física	Medicina		
790 Tecnoloxías do Medio Ambiente	Enxeñaría Química		
796 Teoría da Literatura e Literatura Comparada	Literatura Española		
807 Toxicoloxía	Medicina Legal e Forense		
813 Traballo Social e Servizos Sociais	Ciencia Política e da Administración		
814 Tradución e Interpretación	Lingua Española		



	<b>Área principal</b>	<b>Afinidade 1.º</b>	<b>Afinidade 2.º</b>	<b>Afinidade 3.º</b>
815	Urbanística e Ordenación do Territorio	Tecnoloxías do Medio Ambiente	Enxeñaría e Infraestrutura dos Transportes	